

TEMPOS MODERNOS

Charles Chaplin, 1936

653

PASES ÚNICOS EN NUMAX: 8 e 22 de marzo de 2020 | V.O.S.E. | +7

Modern Times (1936, 86')

Dirección: Charles Chaplin

Guión: Charles Chaplin

Elenco: Charles Chaplin, Paulette Goddard

Fotografía: Rollie Totheroh, Ira Morgan

Montaxe: Charles Chaplin, Willard Nico

Dirección de arte: J. Russell Spencer

Música: Charles Chaplin

Produtora: United Artists (Estados Unidos)

Distribuidora: A Contracorrientefilms

Formato de proxección: DCP2K, 1.37:1

Idioma orixinal: Inglés

PREMIOS E FESTIVALS

National Board of Review 1936 (Top 10 do ano)

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Un rey en Nueva York, 1957

Luces de escenario [Limelight], 1952

Monsieur Verdoux, 1947

El gran dictador, 1940

Luces de la ciudad, 1931

El circo, 1928

A quimera do ouro, 1925

Una mujer de París, 1923

El chico, 1921

SINOPSE

Extenuado polo frenético ritmo da cadea de montaxe, un obreiro metalúrxico remata perdendo a razón. Despois de recuperarse nun hospital, sae e é encarcerado por participar nunha manifestación na que se atopaba por casualidade. Na cadea tamén sen pretendelo axuda a controlar un motín, grazas ao cal queda en liberdade. Unha vez fóra reemprende a loita pola supervivencia na compañía dunha moza orfa á que coñece na rúa.

«A sensibilidade política de Chaplin e a súa inimitábel creatividade cómica encaixan máis perfectamente neste filme que en calquera outro que teña feito xamais»

Ty Burr, BOSTON GLOBE



5 cousas que non sabías de *Tempos modernos*

Por Ana País

1. Foi a derradeira aparición do Charlot vagabundo

A primeira aparición do pequeno vagabundo (Little Tramp) foi en *Charlot periodista* (*Making a Living*), unha curtametraxe de 1914, daquela xa lucía o seu característico chapeu, os pantalóns bombachos, chaqueta axustada, zapatos desmedidos, caxato flexíbel e, por suposto, bigote. Conta a lenda que o cineasta londinense inventou o personaxe en cuestión de minutos. Porén, foron as súas sucesivas aparicións as que perfilaron o personaxe, un heroe inesperado que lle valeu a súa mundial sen necesidade de dicir unha palabra.

2. Só as máquinas falan

Chaplin tiña previstos diálogos para cada escena de *Tempos modernos*. Mesmo existen arquivos das gravacións, pero os resultados non lle convencían e, tras un día de rodaxe, mudou de opinión. Porén, o cineasta non erradicou a voz humana do filme. Para reforzar a idea dunha sociedade fabril deulle a palabra ás máquinas. Así, pódese escoitar o xefe comunicarse cun dos seus empregados a través da pantalla xigante para lle ordear que acelere a liña de produción. Outro exemplo é o aparello que fala polo vendedor da máquina para comer, que se supón que optimiza o tempo dos traballos.

3. Foi a primeira e única vez que escoitamos a voz de Charlot

Se ben o pequeno vagabundo nunca fala, en *Tempos modernos* desvelase a súa voz. Para manter a capacidade para trascender idiomas, a única vez na historia en que se escoita o personaxe é cantando nun idioma inventado coa excusa de que esqueceu a letra.

4. Filmou o final... e logo cambiouno

No primeiro final que Chaplin rodou veríamos a Charlot saír do hospital onde foi ingresado por un novo colapso nervioso. Unha vez fóra descubrirá que Gamin, a moza interpretada por Paulette Goddard, se converteu en monxa. Foi entón cando Chaplin decidiu cambiar o final por outro máis esperanzador no que el lle pide a Gamin que sorría e comeza soar a música de *Smile*, composta polo propio autor.

5. Foi acusado de plaxio

Unha compañía alemá chamada Tobis levou a Chaplin aos tribunais por suposto plaxio de ideas e escenas do filme *À nous la liberté*, dirixido polo francés René Clair e estreado en 1931. En 1947, ante a insistencia de Tobis, Chaplin Studio accedeu a pagar unha modesta suma para pechar o caso. Chaplin e os seus avogados estaban convencidos de que a determinación da compañía alemá era unha vinganza polo sentimento antinazi de *El gran dictador* (1940).

Publicado en www.bbc.com

Letra inventada de *Se bella giu satore*

Se bella giu satore
Je notre so cafore
Je notre si cavore
Je la tu la ti la twah

La spinash o la bouchon
Cigaretto Portabello
Si rakish spaghaletto
Ti la tu la ti la twah

Senora pilasina
Voulez-vous le taximeter?
Le zionta su la seata
Tu la tu la tu la wa

(cavore - from cavort?
Voulez-vous le taximeter?
Would you like the taximeter?)

Sa montia si n'amora
La sontia so gravora
La zontcha con sora
Je la possa ti la twah

Je notre so lamina
Je notre so cosina
Je le se tro savita
Je la tossa vi la twah

Se motra so la sonta
Chi vossa l'otra volta
Li zoscha si catonta
Tra la la la la la

Le deu le ceu pawnbroka
Li deu c'est peu how mucha
Li ze comtess e croota
Ponk wa la ponka wa

ANA XA TEN O SEU ABONO

E ti, a que
agardas para
abonarte?

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org



Se ti xa es de NUMAX
e queres compartilo,
fai unha foto co teu
abono e compártea.
#eusedenamax

